



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 552  
23 de outubro de 2019

Fascículo 4



CSV: BOPGDSPGZUm3F4ZCK3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

###### **I 57681 (10/POC-009056)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para desestimar a petición unánime de todos os grupos políticos de dotar Lalín dunha nova ambulancia, a actuación que vai levar a cabo en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro e a súa opinión respecto da actual dotación de vehículos de transporte sanitario da comarca de Deza

[182853](#)

###### **I 57686 (10/POC-009057)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do recente anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema Vioxén, de seguimento integral nos casos de violencia de xénero, e as súas posibles consecuencias para as vítimas

[182855](#)

###### **I 57692 (10/POC-009058)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da cobertura actual das emerxencias sanitarias en Lalín e na comarca de Deza e as medidas previstas para resolver as súas deficiencias

[182857](#)

###### **I 57694 (10/POC-009059)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións, cun investimento de 322.320.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2015 e 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

[182862](#)

###### **I 57697 (10/POC-009060)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as repercusións que vai ter para o sector a aplicación do Decreto de artesanía alimentaria e a creación dos selos de calidade «Artesanía Alimentaria», «da casa» e «de montaña»

[182864](#)



**I 57699 (10/POC-009061)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis**

Sobre o número de produtores que hai amparados na actualidade baixo a Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, o seu volume de negocio e o balance que fai o Goberno galego da súa campaña de produción e recollida de mel no ano 2019 [182866](#)

**I 57701 (10/POC-009062)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP alternativa á PO-531 Pontevedra-Vilagarcía, treito Curro-Baión (enlace coa N-640), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 122.700.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182868](#)

**I 57710 (10/POC-009063)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual das actuacións relacionadas coa área metropolitana de Santiago de Compostela, previstas no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 107.665.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2017 e 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182870](#)

**I 57712 (10/POC-009064)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos centros hospitalarios galegos, os datos referidos á súa elaboración e as previsións ao respecto [182872](#)

**I 57717 (10/POC-009065)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre a valoración e as previsións da Xunta de Galicia respecto das dificultades asistenciais que se están a producir na atención primaria á veciñanza do concello da Laracha [182875](#)

**I 57719 (10/POC-009066)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de demora na Atención Primaria da comarca do Morrazo [182877](#)

**I 57722 (10/POC-009067)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Tui-A Guarda, Treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 41.664.000 euros e un horizonte temporal no ano 2013, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182879](#)

**I 57723 (10/POC-009068)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Tui-A Guarda, Treito II: Tomiño-Goián, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 77.897.318 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182881](#)

**I 57730 (10/POC-009069)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Tui-A Guarda, Treito IV: Variante da Guarda, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 7.505.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182883](#)

**I 57741 (10/POC-009070)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Plisán-Portugal (nova ponte internacional), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 15.981.000 euros e un horizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182885](#)

**I 57747 (10/POC-009071)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Desdoblamento do corredor do Morrazo, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 53.893.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182887](#)

**I 57748 (10/POC-009072)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Rolda de Vigo-Treito Balaidos-Buenos Aires, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de



86.239.560 euros e un horizonte temporal no ano 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182889](#)

**I 57749 (10/POC-009073)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Vial Universidade-Vincios, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 2.836.025 euros e un horizonte temporal no ano 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182891](#)

**I 57758 (10/POC-009074)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das supostas incoherencias que presentan os proxectos de parques eólicos de Monte Inxerio e Gasalla promovidos pola empresa Green Capital Power na comarca de Ordes, así como da fragmentación de macroparques noutros máis pequenos para a súa tramitación ao abeiro da Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais [182894](#)

**I 57760 (10/POC-009075)**

**Grupo Parlamentario Mixto**

**Villares Naveira, Luis e 3 máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para concienciar aos clubs deportivos galegos da necesidade de facer un tratamento igual entre homes e mulleres, así como as campañas de sensibilización desenvolvidas para a eliminación das cláusulas de rescisión dos contratos das mulleres deportistas embarazadas [182898](#)

**I 57766 (10/POC-009076)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as razóns do nivel que presenta o esforzo investidor en I+D+i en Galicia en relación coa media estatal e europea e o obxectivo fixado no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como a avaliación do Goberno galego respecto do estado da carreira investigadora na comunidade autónoma [182901](#)

**I 57772 (10/POC-009077)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia das necesidades de persoal especializado existentes no CPI dos Dices, no concello de Rois e as actuacións previstas ao respecto [182904](#)

**I 57778 (10/POC-009078)**

**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma [182907](#)



**I 57784 (10/POC-009079)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 3 máis**

Sobre o tipo de medidas que ten posto en marcha o Goberno galego nos últimos catro anos para evitar a violencia económica sobre as vítimas de violencia machista, os datos ao respecto e a súa opinión referida á necesidade de apoiar as mulleres que saen dunha situación de maltrato, axudando a romper tamén coas cargas económicas que proveñan do seu maltratador [182916](#)

**I 57790 (10/POC-009080)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre o estado actual da actuación denominada Circunvalación de Ourense, treito Rairo-Benposta-N-525, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 12.673.757 euros e un horizonte temporal no ano 2013, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta [182919](#)

**I 57792 (10/POC-009081)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula**

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na convocatoria da Comisión Mixta en relación co acordo referido á conversión da garda xudicial en gardas de 24 horas e quenda rotatoria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e Vigo, así como as medidas adoptadas para compatibilizar o desenvolvemento das funcións de garda dos operadores xudiciais nos xulgados de instrución, coa normativa europea en materia de descanso e conciliación [182922](#)

**I 57794 (10/POC-009082)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de paralizar o funcionamento da planta de gas de Reganosa en Mugardos e do impacto que tivo no seu contorno, así como as medidas que vai adoptar para o saneamento integral da ría de Ferrol [182925](#)

**I 57796 (10/POC-009083)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co Hospital de Verín [182930](#)

**I 57801 (10/POC-009084)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da eficacia da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, as súas previsións respecto do aumento da súa dotación de persoal e do orzamento destinado a esa fundación, así como as medidas previstas para mellorar a coordinación cos servizos sociais comunitarios [182934](#)

**I 57806 (10/POC-009085)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do nivel que presentan as pensións das persoas galegas en relación co conxunto do Estado, as actuacións previstas para reverter a actual situación e as súas intención respecto da demanda ao Goberno central da rectificación das últimas normativas aprobadas que conlevaron a perda progresiva de poder adquisitivo das persoas pensionistas [182937](#)

**I 57808 (10/POC-009086)**

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para tentar dar solución á crise xerada polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama [182940](#)

**I 57814 (10/POC-009087)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a posible publicación dos criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o prezo dos contratos de patrocinio para financiar festivais [182947](#)

**I 57816 (10/POC-009088)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para patrocinar festivais de grande formato por un prezo sensiblemente inferior ao que se paga a festivais bastante máis pequenos [182949](#)

**I 57818 (10/POC-009089)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego referida ao prezo que están a pagar as empresas privadas por patrocinios nos mesmos festivais que patrocina a Xunta de Galicia [182952](#)

**I 57820 (10/POC-009090)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre as razóns da existencia de festivais patrocinados pola Xunta de Galicia por un importe ata 6 veces superior ao que reciben outros festivais equivalentes [182955](#)

**I 57822 (10/POC-009091)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre os criterios que se están a seguir para seleccionar as empresas contratistas para contratos de patrocinio de festivais distintos aos de Fest Galicia [182958](#)

**I 57824 (10/POC-009092)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a posible comprobación pola Xunta de Galicia se o prezo dos seus patrocinios de festivais se axusta ao prezo de mercado [182960](#)



### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.5. Axudas, bolsas e premios

■ Concesión de dúas bolsas de formación para o Servizo de Publicacións, pola renuncia das beneficiarias e da primeira persoa suplente [182852](#)





## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 57681 (10/POC-009056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para desestimar a petición unánime de todos os grupos políticos de dotar Lalín dunha nova ambulancia, a actuación que vai levar a cabo en relación coa morte dunha persoa en Dozón durante a espera da chegada dunha ambulancia o día 14 de outubro e a súa opinión respecto da actual dotación de vehículos de transporte sanitario da comarca de Deza  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57686 (10/POC-009057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do recente anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema Vioxén, de seguimento integral nos casos de violencia de xénero, e as súas posibles consecuencias para as vítimas  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57692 (10/POC-009058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da cobertura actual das emerxencias sanitarias en Lalín e na comarca de Deza e as medidas previstas para resolver as súas deficiencias  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57694 (10/POC-009059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións, cun investimento de 322.320.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2015 e 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución  
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 57697 (10/POC-009060)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as repercusións que vai ter para o sector a aplicación do Decreto de artesanía alimentaria e a creación dos selos de calidade «Artesanía Alimentaria», «da casa» e «de montaña»

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 57699 (10/POC-009061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o número de produtores que hai amparados na actualidade baixo a Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, o seu volume de negocio e o balance que fai o Goberno galego da súa campaña de produción e recollida de mel no ano 2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 57701 (10/POC-009062)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP alternativa á PO-531 Pontevedra-Vilagarcía, treito Curro-Baión (enlace coa N-640), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 122.700.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57710 (10/POC-009063)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual das actuacións relacionadas coa área metropolitana de Santiago de Compostela, previstas no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 107.665.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre os anos 2017 e 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57712 (10/POC-009064)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos centros hospitalarios galegos, os datos referidos á súa elaboración e as previsións ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57717 (10/POC-009065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis



Sobre a valoración e as previsións da Xunta de Galicia respecto das dificultades asistenciais que se están a producir na atención primaria á veciñanza do concello da Laracha

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57719 (10/POC-009066)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os problemas de demora na Atención Primaria da comarca do Morrazo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57722 (10/POC-009067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Tui-A Guarda, Treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 41.664.000 euros e un horizonte temporal no ano 2013, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57723 (10/POC-009068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Tui-A Guarda, Treito II: Tomiño-Goián, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 77.897.318 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57730 (10/POC-009069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Tui-A Guarda, Treito IV: Variante da Guarda, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 7.505.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57741 (10/POC-009070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada VAP Plisán-Portugal (nova ponte internacional), prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 15.981.000 euros e un ho-



rizonte temporal no ano 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57747 (10/POC-009071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Desdoblamento do corredor do Morrazo, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 53.893.000 euros e un horizonte temporal no ano 2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57748 (10/POC-009072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Rolda de Vigo-Treito Balaidos-Buenos Aires, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 86.239.560 euros e un horizonte temporal no ano 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57749 (10/POC-009073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Área metropolitana de Vigo-Vial Universidade-Vincios, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 2.836.025 euros e un horizonte temporal no ano 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 57758 (10/POC-009074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das supostas incoherencias que presentan os proxectos de parques eólicos de Monte Inxerio e Gasalla promovidos pola empresa Green Capital Power na comarca de Ordes, así como da fragmentación de macroparques noutros máis pequenos para a súa tramitación ao abeiro da Lei 5/2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 57760 (10/POC-009075)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis



Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para concienciar aos clubs deportivos galegos da necesidade de facer un tratamento igual entre homes e mulleres, así como as campañas de sensibilización desenvolvidas para a eliminación das cláusulas de rescisión dos contratos das mulleres deportistas embarazadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57766 (10/POC-009076)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns do nivel que presenta o esforzo investidor en I+D+i en Galicia en relación coa media estatal e europea e o obxectivo fixado no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como a avaliación do Goberno galego respecto do estado da carreira investigadora na comunidade autónoma

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 57772 (10/POC-009077)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia das necesidades de persoal especializado existentes no CPI dos Dices, no concello de Rois e as actuacións previstas ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 57778 (10/POC-009078)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 57784 (10/POC-009079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o tipo de medidas que ten posto en marcha o Goberno galego nos últimos catro anos para evitar a violencia económica sobre as vítimas de violencia machista, os datos ao respecto e a súa opinión referida á necesidade de apoiar as mulleres que saen dunha situación de maltrato, axudando a romper tamén coas cargas económicas que proveñan do seu maltratador

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 57790 (10/POC-009080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada Circunvalación de Ourense, treito Rairo-Benposta-N-525, prevista no Programa de vías de altas prestacións cun investimento de 12.673.757 euros e un horizonte temporal no ano 2013, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate, e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a execución desta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 57792 (10/POC-009081)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na convocatoria da Comisión Mixta en relación co acordo referido á conversión da garda xudicial en gardas de 24 horas e quenda rotatoria nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais da Coruña e Vigo, así como as medidas adoptadas para compatibilizar o desenvolvemento das funcións de garda dos operadores xudiciais nos xulgados de instrución, coa normativa europea en materia de descanso e conciliación

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57794 (10/POC-009082)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da necesidade de paralizar o funcionamento da planta de gas de Reganosa en Mugardos e do impacto que tivo no seu contorno, así como as medidas que vai adoptar para o saneamento integral da ría de Ferrol

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 57796 (10/POC-009083)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co Hospital de Verín

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57801 (10/POC-009084)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da eficacia da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, as súas previsións respecto do aumento da súa dotación de persoal e do orzamento destinado a esa fundación, así como as medidas previstas para mellorar a coordinación cos servizos sociais comunitarios

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57806 (10/POC-009085)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e 4 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do nivel que presentan as pensións das persoas galegas en relación co conxunto do Estado, as actuacións previstas para reverter a actual situación e as súas intención respecto da demanda ao Goberno central da rectificación das últimas normativas aprobadas que conlevaron a perda progresiva de poder adquisitivo das persoas pensionistas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 57808 (10/POC-009086)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para tentar dar solución á crise xerada polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 57814 (10/POC-009087)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a posible publicación dos criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o prezo dos contratos de patrocinio para financiar festivais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57816 (10/POC-009088)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para patrocinar festivais de grande formato por un prezo sensiblemente inferior ao que se paga a festivais bastante máis pequenos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57818 (10/POC-009089)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a información do Goberno galego referida ao prezo que están a pagar as empresas privadas por patrocinios nos mesmos festivais que patrocina a Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57820 (10/POC-009090)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre as razóns da existencia de festivais patrocinados pola Xunta de Galicia por un importe ata 6 veces superior ao que reciben outros festivais equivalentes

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57822 (10/POC-009091)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre os criterios que se están a seguir para seleccionar as empresas contratistas para contratos de patrocinio de festivais distintos aos de Fest Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 57824 (10/POC-009092)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a posible comprobación pola Xunta de Galicia se o prezo dos seus patrocinios de festivais se axusta ao prezo de mercado

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.5. Axudas, bolsas e premios

Concesión de dúas bolsas de formación para o Servizo de Publicacións, pola renuncia das beneficiarias e da primeira persoa suplente

Con data do 3 de outubro de 2019 publicouse no BOPG nº 541 a resolución das persoas beneficiarias e da lista suplente das bolsas do Parlamento de Galicia, dándose por cumprido con esta publicación o trámite de notificación, conforme o disposto na cláusula décima no seu apartado terceiro das bases da convocatoria (BOPG núm. 485, do 10 de xuño de 2019 e DOG núm. 113, do 17 de xuño de 2019).

Nesa mesma data, o Servizo de Persoal e Réxime Interior comunicoulles ás persoas interesadas, mediante medios telemáticos, a súa condición de beneficiarias das anteditas bolsas.

O día 10 de outubro, Claudia Iglesias Arriarán, beneficiaria dunha bolsa de Publicacións, presentou escrito de renuncia á bolsa mediante o modelo do anexo IV recollido nas bases da convocatoria (nº rexistro 57639).

O día 14 de outubro, Laura Piñeiro Pais, tamén beneficiaria dunha bolsa de Publicacións, presentou por vía telemática escrito de renuncia mediante o modelo do anexo IV sen a debida sinatura. O Servizo de Persoal e Réxime Interior comunicoulle telefonicamente que debía presentar por rexistro o modelo de renuncia debidamente asinado.

Unha vez transcorrido o prazo establecido na base décimo primeira da convocatoria e ao non presentar a interesada ningunha declaración formal en ningún sentido, enténdese que renuncia á bolsa, segundo establece a base décimo primeira da convocatoria.

A resolución por acordo de Mesa do 1 de outubro de 2019 de concesión de bolsas establece unha lista de reserva para o caso de renuncia das persoas beneficiarias.

Con data do 14 de outubro, Helena Sotelo Domínguez, primeira na lista de suplentes de Publicacións, presentou renuncia á súa condición de suplente (nº rexistro 57639).

Na antedita lista de suplentes de publicacións figuran en segundo e terceiro lugar Héctor Pardo Álvarez e Laura Castro Lorenzo, polo que o Servizo de Persoal e Réxime Interior lle propuxo á Mesa estas persoas como beneficiarias das bolsas de formación de publicacións.

A Mesa adoptou o seguinte ACORDO:

1º. Adxudicarlles dúas bolsas de formación en publicacións a Héctor Pardo Álvarez e Laura Castro Lorenzo, respectivamente.

2º. Comunicarlles esta acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que procedan á súa execución administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A necesidade dunha nova ambulancia con base en Lalín, para complementar a dotación de recursos de vehículos que ten a comarca, é una demanda que vén de anos e que apunta a diversas cuestións para a súa fundamentación.

De maneira global, a gran dispersión e extensión do territorio referenciado xunto á insuficiencia dos recursos existentes constatados polos profesionais e as necesidades xurdidas durante anos, apuntan a unha demanda que foi compartida por profesionais, usuarios e grupos políticos da localidade. Isto deu lugar a unha demanda conxunta aprobando por unanimidade unha Moción municipal presentada polo Grupo Socialista en xullo deste ano. Todos os grupos votaron a favor, e todos manifestaron en diversos momentos históricos, a necesidade de dotar a Lalín dun novo vehículo, quedando unicamente para o debate se debera ser unha ambulancia medicalizada (SVA) ou unha ambulancia básica (SVB).

Esta pasada noite, na madrugada do día 14 deste mes de outubro, ocorreu un fatal incidente na localidade de Dozón, que terminou co falecemento dun paciente na espera da chegada dunha ambulancia. A ocupación que nese momento tiñan os dous vehículos habituais da comarca fixo demorar a atención por un tempo de 45 minutos, segundo apuntan as informacións primeiras sobre o ocorrido.

As distancias e os limitados recursos existentes poden ter provocado, nesta situación, un terrible desenlace sobre o que será preciso analizar e coñecer con profundidade e claridade o sucedido.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia desestimou a petición por unanimidade de todos os grupos políticos de dotar a Lalín dunha nova ambulancia para mellorar a dotación sanitaria da comarca feita hai poucos meses?



2. Vai a Xunta de Galicia a iniciar algún procedemento de investigación interno para coñecer as causas que puideron levar ao ocorrido en Dozón que rematou co falecemento dunha persoa?
3. Ten algunha información a Xunta de Galicia sobre o efecto da dotación de recursos de atención sanitaria urxente para a comarca do Deza e a súa posible influencia sobre o fatal desenlace do suceso desta pasada madrugada en Dozón?
4. Considera a Xunta de Galicia que a dotación de vehículos de transporte sanitario para a comarca do Deza estaba sendo correcta ata o de agora?
5. Cre a Xunta de Galicia que necesita agora unha maior dotación de vehículos de transporte sanitario para a comarca do Deza?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:08:58**

**María Luisa Pierres López na data 16/10/2019 12:09:07**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:09:17**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero (Sistema VioGén), púxose en funcionamento en xullo do 2007, en cumprimento do establecido na *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, sendo os seus obxectivos:

- Aglutinar ás diferentes institucións públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero.
- Integrar toda a información de interese que se estime necesaria.
- Facer predición do risco.
- Atendendo ao nivel de risco, realizar seguimento e protección ás vítimas en todo o territorio nacional.
- Efectuar un labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas, a través do "Subsistema de Notificacións Automatizadas", cando se detecte algunha incidencia ou acontecemento que poida poñer en perigo a integridade da vítima.

Buscando, finalmente, establecer unha rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres maltratadas, e dos seus fillos e fillas, en calquera parte do territorio nacional.

Recentemente coñecíamos que o Concello de Ourense acaba de anunciar que se desvincula deste protocolo. O cesamento, que se fará efectivo a partir do próximo día 22 marzo, deuno a coñecer o alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, no transcurso dunha reunión extraordinaria da Xunta Local de Seguridade que tivo lugar na Subdelegación do Goberno.

No que se refire á cidade, na actualidade as policía Local, Nacional e Autonómica encargábanse de protexer a 170 mulleres, mentres a Garda Civil e as distintas policía locais das vilas a 198.



Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa preocupación pola decisión irresponsable da equipa de goberno de Ourense de desvincularse dun servizo imprescindible para a protección das mulleres vítimas de violencia machista, rachando unha colaboración institucional que pode ter consecuencias letais para a seguridade das ourensás.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia o recente anuncio do Concello de Ourense de desvincularse do Sistema VioGén?
2. Que consecuencias considera o Goberno galego que pode ter esta medida para as vítimas da violencia machista de Ourense?
3. No marco da colaboración entre institucións para loitar contra a violencia machista, comunicou o Concello de Ourense á Xunta de Galicia esta decisión?
4. A cantas mulleres ourensás atende a actualidade a Policía Autonómica dentro do sistema VioGén?

Pazo do Parlamento, 16 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María del Carmen Rodríguez Dacosta  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/10/2019 12:28:40**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/10/2019 12:28:49**

**María Luisa Pierres López na data 16/10/2019 12:28:56**

**Julio Torrado Quintela na data 16/10/2019 12:29:06**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á dotación de ambulancia medicalizada na comarca do Deza.

1.As ambulancias medicalizadas, ou Ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA), son vehículos cuxo equipamento e dotación permite prestar asistencia médica *in situ* a pacientes críticos, no menos tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para manobras de soporte vital avanzado. Estas ambulancias prestan servizo as 24 horas ao día, os 365 días ó ano, e están en contacto permanente coa Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

O comarca do Deza sofre discriminación a este respecto con respecto a outras comarcas con menos envellecemento da poboación, menos dispersión xeográfica e menor distancia aos hospitais de referencia.

Na provincia de Pontevedra, os vehículos de horario especial teñen base en Arbo, Baiona, Pontearreas, Vigo e Vilagarcía, quedando o interior da provincia, e concretamente a Comarca do Deza, totalmente desatendidas por este tipo de ambulancias.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No caso da comarca do Deza é habitual, debido a saturación do servizo, que se teñan que acercar ambulancias de Melide ou da Estrada, con correspondente retraso do servizo, o que implica a posta en perigo dos pacientes.

Estamos diante dun tema de especial gravidade, e por iso consideramos que se debe dotar a Lalín e a Comarca do Deza dunha ambulancia medicalizada para atender casos de especial gravidade. Esta é unha demanda do conxunto da sociedade lalinense, que se sente desprotexida e discriminada polo trato do SERGAS, no que a servizos sanitarios públicos se refire.

2. Actualmente, a comarca do Deza conta con dúas ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA), unha localizada en Silleda que dá servizo a Silleda e Vila de Cruces e outra localizada en Lalín que dá servizo a Lalín, Rodeiro, Agolada e Dozón.

A ambulancia de Lalín atende emerxencias nunha área de 580km<sup>2</sup>, con moita dispersión xeográfica e tempos de resposta que en condicións normais poden xa ser superiores ao recomendábel. Esta situación agrávase polo feito de ter que facer traslados ao hospital de referencia en Santiago de Compostela ou pola necesidade de recoller sanitarios no PAC de Lalín.

3. Lalín é a cabeceira dunha ampla comarca que supera os 45.000 habitantes, unha cifra máis que considerable para uns servizos sanitarios totalmente deficientes en todos os aspectos, tanto no servizo de gardas médicas como en urxencias, así como en especialidades e traslados de emerxencia. Concretamente, no referente aos traslados en ambulancia de enfermos graves e accidentados, especialmente politraumatizados ou persoas que sufriron un infarto, non se entende porque Lalín dispón unicamente dunha ambulancia.



Diante da preocupación polas carencias que presenta a comarca do Deza, o pleno do concello aprobou por unanimidade, o pasado mes de xullo, unha moción na que se insta á Xunta de Galiza a dotar unha ambulancia medicalizada con sede en Lalín.

4. O pasado 13 de outubro produciuse o falecemento dunha persoa en Dozón por una insuficiencia cardíaca. A ambulancia tardou máis de 50 minutos en chegar, o que pon en evidencia a insuficiencia de medios con que conta esta área xeográfica.

Nesa noite as dúas ambulancias con base no Deza estaban de servizo. A de Lalín trasladárase ate Agolada para atender unha emerxencia, e a de Silleda estaba facendo un servizo nesa localidade. Finalmente foi mobilizada unha ambulancia mais cando chegou a persoa xa falecera.

Esta situación pon en evidencia a insuficiencia de recursos sanitarios na comarca do Deza, e a necesidade de contar con máis medios de resposta diante de emerxencias sanitarias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Considera a Xunta de Galiza suficiente a cobertura sanitaria das emerxencias na comarca do Deza?
2. Coñece a Xunta de Galiza as deficiencias que en materia de emerxencias sanitarias sofre Lalín e a comarca do Deza?
3. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para facer fronte a esta situación?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Comparte o goberno galego a demanda plasmada no acordo plenario do Concello de Lalín do pasado mes de xullo?

5. Considera a Xunta de Galiza axeitada a actuación das emerxencias sanitarias no caso da persoa falecida o pasado 13 de outubro en Dozón, no que a ambulancia tardou 50 minutos en chegar?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2019 12:32:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2019 12:32:41**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2019 12:32:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2019 12:32:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2019 12:33:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2019 12:33:10**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No horizonte de que a actual lexislatura remate dentro dun ano, o próximo ano 2020 será o último no que a actual Administración da Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade teña a responsabilidade de dinamizar as actuacións relacionadas coas infraestruturas viarias.

1. Por que espera a Xunta para convocar a Comisión Mixta se xa hai acordo tanto das xuntas sectoriais de xuíces e xuízas dos partidos xudiciais da Coruña e de Vigo e tamén acordo da sala do goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no mesmo sentido?
2. Que medidas tomou a Xunta de Galicia para compatibilizar o traballo dos operadores xudiciais nos xulgados de instrución, cando realizan funcións de garda, coa normativa europea sobre descanso e conciliación?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 17/10/2019 16:46:12**

**Paula Vázquez Verao na data 17/10/2019 16:46:21**





## Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 8.<sup>a</sup>**

A planta de gas de Reganosa, que dispón dunha capacidade de almacenaxe de 300.000 m<sup>3</sup> de gas natural licuado (GNL), sitúase en Punta Promontorio, no interior da ría de Ferrol, a 100 metros do núcleo urbano máis próximo, a 400 metros dos arsenais de Defensa (a medir dende o fondeo de un gaseiro no caso dunha emerxencia), a 900 metros da vila de Mugaros e a 1.500 metros da cidade de Ferrol. Está ao carón do Complexo Petroquímico de Forestal do Atlántico, que almacena máis de 283.000 metros cúbicos de combustibles (fueloil, gasoil, slops) e substancias químicas (formol, fenol, metanol, sulfato amónico, sosa, etcétera). Isto suma aos perigos propios da planta o risco de efecto dominó previsto no artigo 8 da Directiva 86/82/CE.

A ría conta cun porto exterior que foi construído para evitar a perigosidade intrínseca ao seu canal de acceso. A Reganosa ofrecéuselle a posibilidade de levantar a súa planta nese terreo, pero, atendendo a intereses privados, preferiu asentarse no interior da ría, cos conseguintes riscos para a natureza, o patrimonio e o conxunto da cidadanía.

A contorna de Punta Promontorio é solo rústico especialmente protexido e conta con importantes xacementos arqueolóxicos romanos (Caldoval, Santa Lucía, Noville), ademais do Castro de Mehá. Preto de Punta Promontorio atópanse



tamén os bancos marisqueiros de A Barca, Noville e Sta. Lucía, ricos en ameixas, que levan tempo véndose prexudicados por mor dos recheos da ría, os vertidos químicos de Forestal do Atlántico e o sistema de regasificación de Reganosa. Esta última precisa ata 13.200 m<sup>3</sup>/h (316.800 toneladas/día) de auga do mar impregnada con hipoclorito sódico que provoca a morte da flora e fauna da zona, incluíndo os bivalvos dos bancos marisqueiros. Os máis de 700 traballadores e traballadores que se dedican ao marisqueo na ría comprobaron como estes anos baixou o volume das capturas e o tamaño das ameixas.

Dende un punto de vista económico, a planta de gas carece de toda xustificación, como demostra a inmensa diferenza que existe entre os datos comprometidos para obter a aprobación da Comisión Nacional da Enerxía e a produción real. O consumo comprometido en dita solicitude era de 3,5 mil millóns de (N) m<sup>3</sup>. Porén, nos últimos anos a produción total foi de tan só 1,08 mil millóns de (N) m<sup>3</sup>. O volume de semellante desfase fai imposible pensar que a diferenza entre o consumo comprometido e o actual se debe a un mero erro de cálculo. O acontecido foi unha estafa orquestrada con premeditación. As infraestruturas existentes en Galicia no ano 2007 eran suficientes para cubrir a demanda de gas.

No plano estatal, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) indica na súa última Consulta Pública que existen en España 7 plantas de gas cunha “utilización” media inferior ao 25% e que si se contabiliza a Planta de El Musel en Gijón (en hibernación) este porcentaxe reducece a un 21,4 %. Esta cativa utilización das infraestruturas gasistas ten elevado o déficit de tarifa aos 1.300 millóns de euros.

Ao longo da súa historia, as irregularidades flagrantes da planta de Reganosa



fixeron que o Tribunal Supremo determinase a súa ilegalidade ata en 5 sentenzas.

- Na primeira sentenza, 503/2004, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou ilegal a Planta de Gas por carecer de Declaración de Impacto Ambiental (DIA).
- Na segunda sentenza, de maio de 2012, ao recurso de casación 4512/2008, o Tribunal Supremo anulou en sentenza firme a modificación do Plan Xeral de Urbanismo de Mugardos que servía como base á concesión da construción da Planta de Gas.
- Na sentenza 695/2016, de marzo de 2016, o Tribunal Supremo anulou a autorización administrativa previa concedida pola Dirección de Política Enerxética o 2 de xuño de 2002.
- O 25 de abril de 2016 o Tribunal Supremo, coa sentenza 889/2016, anulou o Proxecto de Execución inicialmente outorgada pola Dirección de Política Enerxética e Minas no 2004.

-En Xullo deste ano, o Tribunal Supremo nunha nova sentenza volve lembrar as súas dúas resolucións previas do ano 2016 e mesmo salienta a “litixiosidade” que vén supoñendo a implantación desa instalación en Mugardos.

Tras esta última sentenza, o 20 de agosto do 2019 publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña o anuncio da Dirección da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia (Ministerio de Política Territorial e Función Pública) polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, o proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental da planta.



Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a necesidade de paralización do funcionamento da planta de gas de *Reganosa en Mugar dos*?
2. *Como pensa facer posible o “saneamento integral”* da ría de Ferrol cando existen, polo menos, dúas autorizacións en vigor (Forestal e Reganosa) as que se lle permiten verter un volume de verteduras superior ao de todas as augas residuais urbanas na ría?
3. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para sanear a ría de Ferrol de xeito integral?
4. Que impacto negativo considera que tivo a planta de gas na súa contorna?
5. A que atribúen o descenso do tamaño da ameixas de A Barca, Noville e Sta. Lucía?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 16:59:40  
**Nº Rexistro: 57794**  
Data envío: 17/10/2019 16:59:40.269

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 16:58:15**

**Xan Xosé Jove González na data 17/10/2019 16:58:26**

CSV: BOPGDSPGZUm3F4ZCK3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

O distrito sanitario de Verín, co Hospital de Verín como referencia, engloba a comarca de Verín (25.653 habitantes en 2018) e parte da de Viana (5.818 habitantes en 2018).

Nos últimos anos, este hospital está sendo obxecto de recortes na atención.

En pediatría non sempre se garanten as gardas de 24 h, co cal hai datas nas que se deriva a atención directamente a Ourense (a unha hora de viaxe).

Houbo modificacións de citas en cardioloxía, temendo as persoas usuarias que este servizo remate por ser derivado a Ourense.

En canto ao servizo de cociña, este está externalizado, sendo a mesma empresa concesionaria para a cociña que para a cafetería, compartindo persoal. Neste momento, está previsto que saia a concurso o servizo de cafetería. A nova concesionaria tería que subrogar ao persoal da cafetería, pero non ao de cociña, co que hai preocupación polos postos de traballo da cociña. As sospeitas de persoal e persoas usuarias indican que as comidas do Hospital de Verín serían elaboradas en Ourense e trasladadas a Verín para o seu reparto, ao tempo que A EOXI xa comunicou que a nova cociña do Hospital de Ourense contará cunha liña mixta-fría e sinalou que en Verín se continuaría prestando o servizo de cociña coa mesma empresa concesionaria, contradicindo outras declaracións nas que se falaba de que as comidas de Verín se elaborarían no Complexo Hospitalario de Ourense.



En canto aos/ás anestesistas, hai tres das catro prazas, por estar un de baixa.

Coma noutros hospitais, é necesario contar con máis TCAE e celadores.

O pasado 11 de setembro, nunha reunión do xerente da EOXI de Ourense co persoal, a Xunta anunciou a “creación de novas prazas” no Hospital, “matrona, unha praza de enfermería, un fisioterapeuta, para o servizo de Rehabilitación; dúas prazas de TCAE, que desempeñarán as súas funcións en Rehabilitación e Hospitalización, e un celador, tamén na área de hospitalización”, prazas que non son realmente “novas”, xa que estaban sendo cubertas con contratos de acumulo de tarefas. Ademais, precisaríase, polo menos, unha praza máis de celador/a e máis TCAE.

Dende o 1 de setembro de 2019 o Hospital de Verín non terá servizo de dermatoloxía.

Isto sucede porque a dermatóloga substituta da persoa titular da praza se traslada a Vigo, e o SERGAS non cubre esta vacante.

A raíz deste feito, unhas dúas mil persoas da zona terán que agardar para ser atendidas. A situación foi moi gravosa para as persoas que tiñan cita o propio 2 de setembro, que recibiron unha chamada de teléfono indicándolles que non acudiran á cita; é máis, quen tiña cita para o día 1 nin sequera foi advertido deste feito.

Segundo ten exposto a CIG-Saúde, esta situación era coñecida dende o mes de xuño polo SERGAS, pois a profesional que substitúe ao dermatólogo que ten a praza acadou a aprobación da súa interinidade en Vigo. “O que ocorre é que o dermatólogo titular deste hospital está nunha comisión de servizos en Ourense, é dicir, para que a xente nos entenda, ten a praza en Verín pero está reclamado en Ourense porque alí tamén están escasos destes profesionais”, sinala a CIG.

Por outra parte, as persoas que agora sofren a suspensión da atención dermatolóxica ata novo aviso, fican na incertidume ou serán trasladadas a



Ourense. Destas, segundo a CIG-Saúde, unhas mil setecentas agardan por ser consultadas e unhas trescentas agardan por unha cirurxía ambulatoria menor. Trátase de casos que ata o de agora se resolvían en Verín e que, de non chegar o SERGAS unha solución, posiblemente teñan que desprazarse a Ourense, onde, previsiblemente, se incrementará a lista de agarda.

É común no SERGAS a redución de servizos nas áreas máis despoboadas do País, afondando na súa discriminación.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>

- Vai cesar na política de desmantelamento do Hospital de Verín?
- Vai crear novas prazas de celador/a e de TCAE?
- Como vai garantir a cobertura axeitada de pediatría no Hospital de Verín?
- Vai haber modificacións no servizo de cardioloxía?
- Cando vai resolver a situación de dotar o Hospital de Verín cun/unha profesional a praza de dermatoloxía?
- Por que non fixo previsión da situación que o SERGAS sabía que se ía producir en setembro nas consultas de dermatoloxía no Hospital de Verín?
- Coñece a Xunta os prexuízos que está a padecer a cidadanía do distrito sanitario de Verín pendente de cita ou atención cirúrxica en dermatoloxía?
- Van ser as persoas pendentes de cita en dermatoloxía no Hospital de Verín derivadas a Ourense?
- Como vai resolver a escasa dotación de profesionais de dermatoloxía na EOXI de Ourense?
- Por que a cidadanía das comarcas de Verín e Viana é tratada como cidadanía de segunda clase?





- Vai o SERGAS modificar o servizo de cociña no Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 17/10/2019 17:11:59**

**David Rodríguez Estévez na data 17/10/2019 17:12:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**.

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), dependente da Consellería de Política Social, ten que atender a máis de 3.000 persoas (coas figuras da tutela, curadoría ou defensa xudicial), pero para iso só conta con 23 traballadoras.

O aumento do número de persoas as que debe atender foi moi importante, xa que nos seus inicios atendía apenas a 70 persoas, pero no ano 2018 xa atendeu a 3.600.

Os orzamentos adicados a FUNGA son totalmente insuficientes, sendo pouco máis de 1 millón de euros para todos os seus gastos. Isto implicou que en varias ocasións, ante a falta de planificación nos orzamentos, a Xunta de Galicia tivera que realizar inxeccións de urxencia para atender os gastos ordinarios. Por exemplo, a finais do ano 2018 tívolve que inxectar 400.000 euros non previstos, xa que quedara sen fondos para gasto corrente.

Así mesmo, nos últimos anos, emitíronse diversas sentenzas xudiciais nas que quedan en **evidencia diversos intentos da Funga por desviar competencias ou responsabilidades propias a outros organismos públicos ou entidades sociais.**



A propia Xunta de Galicia ten admitido que a tendencia é que o número de persoas tuteladas por esta entidade vaia en aumento, pero, sen embargo, non acompaña estas previsións nin cun aumento orzamentario significativo nin cun aumento do persoal.

En maio de 2018, a Consellería de Política Social cubriu a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA, vacante dende 2015, cun cargo do PP de Ferrol sen experiencia no eido social.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da eficacia da FUNGA?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o persoal e os orzamentos dedicados á FUNGA tendo en conta o aumento de persoas que atende?
3. En que criterios se basearon para a elección do actual director xerente da FUNGA?
4. Que medidas vai adoptar para mellorar a coordinación cos servizos sociais comunitarios?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. do Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 17:23:58**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez, Marcos Cal Ogando, Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>.

O sistema público de pensións é un elemento fundamental no eido da protección social no noso País, xa que supoñen o sustento único ou principal de moitas familias galegas.

Ningún outro sistema de protección dá cobertura a tantas persoas. Algo que vai ir incrementándose segundo pasen os anos polo avellentamento da poboación.

En Galicia as persoas pensionistas supoñen ao redor do 25 % da poboación. Hai que ter en conta que as pensións das galegas e galegos son as segundas máis baixas do conxunto do Estado español, e condenan á pobreza a moitas persoas, que levan anos perdendo poder adquisitivo.

As dúas últimas grandes reformas do sistema da Seguridade Social, a Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións e a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social conteñen aspectos moi lesivos para as persoas pensionistas.

En setembro de 2019, a pensión media en Galicia é de 848 euros ao mes, unha cifra baixa pero tras a cal se agochan realidades aínda máis preocupantes, como por exemplo que a contía media da pensión de viuvez sexa de 601 euros ou que a pensión media do réxime de autónomos sexa de 597 euros mensuais.



Urxe adoptar un compromiso firme pola defensa do noso sistema público de pensións para o cal precísase mellorar o seu financiamento a través das cotizacións.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno Galego de que as pensións das persoas galegas sexan das máis baixas do conxunto do Estado Español?
2. Que actuacións van levar adiante para revertir a actual situación que condena á pobreza a moitas persoas pensionistas?
3. Van demandar ao Goberno do estado a rectificación das últimas normativas aprobadas que conlevaron á perda progresiva de poder adquisitivo das persoas pensionistas?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luca Chao Pérez

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputadas e deputados o G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Paula Quinteiro Araújo na data 17/10/2019 17:43:22**

**Marcos Cal Ogando na data 17/10/2019 17:43:35**

**Luca Chao Pérez na data 17/10/2019 17:43:43**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 17:43:53**

**José Manuel Lago Peñas na data 17/10/2019 17:44:04**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez e Luis Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na **Comisión 6ª**, **relativa ás actuacións a desenvolver para tentar dar solución á crise producida polo peche das centrais de As Pontes e Meirama.**

Nestes momentos de crise e incertidume ante o peche das centrais térmicas de carbón de As Pontes e Cerceda-Meirama, todas as forzas políticas, incluído o Partido Popular, falan de que hai que desenvolver e planificar unha Transición Enerxética Xusta, pero hai que concretala para que de verdade sexa transición a unha produción eléctrica descarbonizada e para que de verdade sexa xusta e non beneficie só aos de sempre.

Transición xusta claro, pero é transición xusta unha que regala o territorio as grandes eléctricas do oligopolio e a empresas de amigos como se Galicia fora o Oeste Americano de principios do século XIX? Pero que riqueza ou beneficios aportan estes parques eólicos á cidadanía dos territorios afectados. Se as cousas se fixeran ben e pensando na cidadanía, Galicia tería unha moi potente industria das enerxías renovables e podería financiar a transición xusta sen problemas.

Din agora que non temos tempo, claro que non, non o temos desde que pecharon as minas que alimentaban as centrais. E que se fixo nestes 12 anos, nada.

Pretender pagar a Endesa por emitir gases de efecto invernadoiro, suprimindo fiscalidade ecolóxica ou por estar parada (os chamados pagos por capacidade)





cualifícanse por eles mesmos e as propostas para que unha central de 1.400 Mw se alimente de biomasa forestal ou doutros biocombustibles e tecnicamente ridícula. Sorprendeunos moito o voto favorable do PSdG e moito mais o do BNG a estas propostas.

A proposta de suprimir o chamado céntimo verde, ao ter unha pequena incidencia no custo total de produción, na contorna dos 2 €/Mwh, non soluciona nada de cara a viabilidade da central e suporía somente un regalo para ENDESA. Ademais mandaría un mensaxe moi negativo as autoridades europeas que teñen que decidir as axudas, que empezarán a implementarse en 2021, para a recuperación das rexións europeas afectadas pola transición enerxética.

E non é válido tampouco o argumento de que ENDESA fai un gran esforzo despois de levarse miles de millóns para as arcas do estado italiano a partir dos recursos públicos da comarca de As Pontes.

De verdade alguén pode pensar que a Central que emite o 30% dos gases de efecto invernadoiro de Galicia e unha das 20 mais contaminantes de Europa ten por diante un longo futuro?

Saben que non, e o saben desde fai moito tempo, desde que a mina pechou, pero non fixeron nada, 12 anos sen facer nada.

En Marea leva tres anos advertíndoo e sempre nos chamaron alarmistas.

Non se pode mentir ás veciñas e veciños de As Pontes, por un puñado de votos, en vez de traballar e orzamentar no que de verdade podería garantir o futuro das hipercomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortega e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzúa. Hai que traballar na liña do que se está a facer na maioría de rexións Europeas afectadas pola transición enerxética, que están a demostrar, coa creación de mais emprego e de mais calidade, que traballar polo futuro e traballar



pola Transición Ecolóxica e Enerxética. **O camiño e o Green New Deal de Galicia.**

Imos tarde, pero aínda hai tempo para facelo se se empeza xa, e sobre todo hai inxentes orzamentos europeos e previsiblemente tamén Estatais para conseguilo (só hai que mirar os exemplos de Alemania ou Francia con máis de 50.000 M€ de investimentos anuais para a Transición Ecolóxica). É o que lle corresponde aos Gobernos das Rexións de Europa que queiran estar á vangarda da Transición Enerxética e polo tanto ser destinatarios de inversións masivas é totalmente realizables nun curto prazo de tempo.

Claro que hai solucións, algunhas con aplicación inmediata como accións de choque ante a situación de emerxencia de algúns colectivos como os transportistas e as empresas auxiliares, que terían que ser implementadas con orzamentos da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado e outras nun prazo curto de entre 1 e 2 anos coas axudas previstas pola UE, coa participación da Xunta, Goberno do Estado, empresas implicadas e particulares. Para elo hai que comezar a desenvolverlas de inmediato, para ter os proxectos preparados antes de decembro de 2020. Seguro que a cidadanía de As Pontes e Cerceda-Meirama podería engadir a estas decenas de propostas que deberían ser analizadas. Compre pasar dunha actitude de queixa ante a situación de posible depresión económica e social por unha actitude propositiva e proactiva.

Ante a situación mencionada, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

1.- Contempla a Xunta de Galicia instar e esixir aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras das axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos



de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava, e que non foi executada?

2.- Contempla a Xunta de Galicia instar e esixir ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER), que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda e que se encontran pendentes de liquidación. Medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018 na súa disposición adicional centésimo oitava?

3.- Contempla a Xunta de Galicia incluír nos Orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas?

4.- Contempla a Xunta de Galicia instar e esixir a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.?

5.- Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia ante Endesa e Naturgy para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais de As Pontes e Meirama?



6.- Que tipo de proxectos ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para paliar o previsible devalo económico e social nas comarcas de As Pontes e Cerceda?

7.- Considera a Xunta de Galicia que é imprescindible promover prioritariamente proxectos na liña da Transición Ecolóxica e basados na formación, o coñecemento e as infraestruturas TIC, desbotando outros de infraestruturas físicas?

8.- Considera a Xunta de Galicia factible instar aos operadores de telefonía a que as primeiras instalacións operativas de 5G en Galicia sexan en As Pontes e Cerceda?

9.- Considera a Xunta de Galicia a posibilidade de desenvolver nas dúas comarcas ciclos formativos tanto para estudantes como para traballadores en activo de Formación Profesional en produción, instalación e mantemento de parques eólicos, instalacións fotovoltaicas, xeotérmicas e de biomasa?

10.- Considera a Xunta de Galicia a posibilidade de promocionar e incentivar as actividades locais non deslocalizables que aproveiten os recursos autóctonos. Todo elo na liña de non volver ao monocultivo industrial?

11.- Considera a Xunta de Galicia recoñecer a paisaxe como elemento fundamental para o benestar das persoas e a actividade económica. Desta maneira considera desenvolver iniciativas, co apoio financeiro de Endesa e Naturgy, para que as escombreyras pasen a ser elementos culturais, de ocio e de turismo sustentable?

12.- Que opina a Xunta de Galicia da posibilidade de crear un Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia. Coa participación do Estado, empresas e asociacións ambientalistas. Asociado ao mesmo estaría o centro de teste de nova tecnoloxía renovable?



13.- Que opina a Xunta de Galicia da posibilidade de crear un Centro de Eco-Empresas que axude a instalarse na zona a empresas de enerxías renovables, eco-construción, fabricación e instalación de puntos de recarga eléctrica para automóbiles e outros sectores verdes?

14.- Considera a Xunta de Galicia a posibilidade de desenvolver un plan piloto para a reforma enerxética de vivendas para conseguir aforros en calefacción e iluminación, co obxectivo final de vivendas neutras en emisións de carbono. Comezando polas vivendas vulnerables destes Concellos e por exemplo as vivendas das persoas xubiladas de Endesa as que arrebatou os seus dereitos de subministro de enerxía eléctrica?

15.- Considera a Xunta de Galicia a posibilidade da creación dun centro de I+D+i para o desenvolvemento de novos materiais que utilicen como materia prima elementos reciclados e o desenvolvemento de novos procesos de reciclaxe?

16.- Considera a Xunta de Galicia a posibilidade da creación do Centro de promoción, planificación e desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais en Galicia, localizándoo nas Pontes?

17.- Que actuacións concretas está a desenvolver a Xunta de Galicia para axudar aos camioneiros do carbón de As Pontes a reciclar as súas actividades e así poder manter a súa actividade?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez



Paula Vázquez Verao  
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 17/10/2019 18:00:47**

**Luis Villares Naveira na data 17/10/2019 18:00:59**

**David Rodríguez Estévez na data 17/10/2019 18:01:12**

**Paula Vázquez Verao na data 17/10/2019 18:01:21**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Son públicos estes criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o prezo dos contratos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:22:17**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:22:26**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:22:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:22:45**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 18:25:01  
Nº Rexistro: 57816  
Data envío: 17/10/2019 18:25:01.177

empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que festivais de gran formato e repercusión son patrocinados pola Xunta de Galicia por un prezo sensiblemente inferior ao que se paga a festivais bastante máis pequenos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:13:30**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:13:40**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:13:51**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:14:01**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 18:25:01  
**Nº Rexistro: 57816**  
Data envío: 17/10/2019 18:25:01.177

CSV: BOPGDSPGZUm3F4ZCK3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores



empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Sabe a Xunta de Galicia o que pagan empresas privadas por patrocinios nos mesmos festivais que patrocina a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:09:55**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:10:06**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:10:16**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:10:25**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 18:25:50  
**Nº Rexistro: 57818**  
Data envío: 17/10/2019 18:25:50.771

CSV: BOPGDSPGZUm3F4ZCK3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que hai festivais patrocinados por un importe ata 6 veces superior ao que reciben outros festivais equivalentes?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:17:36**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:17:47**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:17:58**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:18:12**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 18:26:40  
**Nº Rexistro: 57820**  
Data envío: 17/10/2019 18:26:40.521

CSV: BOPGDSPGZUm3F4ZCK3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores



empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que criterios se seguen para a selección de empresas contratistas para contratos de patrocinio distintos dos contratos de patrocinio de Fest Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:01:43**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:01:54**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:02:03**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:02:12**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- A Xunta de Galicia comproba se o prezo dos patrocinios se axusta a un prezo de mercado?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**


**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:05:19**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:05:35**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:05:48**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:05:59**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

